

AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO CURSO 2013/14

A Consellería de Educación convocou axudas para a compra dos libros de texto para o alumnado que o vindeiro curso esté escolarizado en **educación primaria**. Os **requisitos** son:

- Ser pai, nai, titor-a, legal do alumnado matriculado en educación primaria para o vindeiro curso, e non repetir curso neste ano académico.
- Non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- Ter unha renda per capita familiar igual ou inferior a 9000 euros anuais no 2011.

Os interesados deben entregar a **solicitud debidamente cumplimentada, acompañada da fotocopia do libro de familia na Secretaría do Colexio ata o 03 de xullo**.

As contías das bolsas varían segundo os ingresos da unidade familiar no ano 2011 dividido polo número de membros computables (renda per cápita familiar):

- Familias monoparentais

- a) Renda per cápita familiar ata 6.000 euros: **170 euros**.
- b) Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 9.000 euros: **90 euros**

- Resto das familias

- a) Renda per cápita familiar ata 5.400 euros: **170 euros**
- b) Renda per cápita familiar desde 5.400, 01 ata 9.000 euros: **90 euros**

- Alumnado de educación especial

O alumnado de educación especial que solicite a bolsa e que cumpra os requisitos establecidos recibirá un importe de 250 euros, con independencia da renda per cápita familiar.

Unha vez que a solicitude estea debidamente tramitada e validada pola administración, **o Centro xerará un vale que será entregado ao solicitante** co que poderá adquirir os libros de texto no establecemento que decida, e polo importe máximo que figura no devandito vale.

ASPECTOS IMPORTANTES A TER EN CONTA

- Respecto do solicitante

A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para comprobar a través da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Facenda a veracidade dos datos de carácter tributario declarados na solicitude, sendo necesaria tamén a autorización do resto dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos, que deberán asinar para tal fin o citado anexo I e indicar o seu NIF/NIE.

-Familias monoparentais

- a) Cando conviva un só proxenitor ou titor co alumno/a, deberá acreditarse documentalmentemente esta circunstancia.
- b) No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerará membro computable aquel que non conviva co alumno/a.
- c) Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Para unha información máis detallada da convocatoria visitar os seguintes sitios web:

<http://centros.edu.xunta.es/ceipjuanfernandezlatorre/>
<http://www.edu.xunta.es/web/>

A Coruña, a 03 de xuño de 2013

A Dirección